

Poemas

Alba PAZOS

Contrarios?

VERDE + VERMELLO = NEGRO

cinsa de natureza.
alucinacións provocadas polo cheiro do fumo,
pola luz do lume,
pola desfeita da queima.

AZUL – NEGRO = BRANCO

ausencia de cor?
vacío,
vacío provocado polo fastío.
pola raiba.
mar morto,
violenta morte provocada pola mestura irracional das cores,
cores en operacións matemáticas,
delirios dun tolo:

BLANCO + NEGRO = TODO + NADA

O forte vento retorce o teu elegante pescozo,
branco, perfecto.
É o poder do silencio, asasino nato,
o que afoga as palabras e persegue os soños.
A pinta do teu ollo mostra que estás perto,
brillas.
Que estraño e difícil é escribir sobre a tua morte,
sentíndote aínda viva.